

## CELEBRACIÓN EN OS COTOS (na casa)

5 – 6 de decembro do 2020

### II DO TEMPO DO ADVENTO



OS COTOS COA IGUALDADE VERDADEIRA DAS PERSOAS,  
COS POBOS QUE SOFREN INJUSTIZA E ABANDONO,  
COS REFUXIADOS E MARXINADOS DA SOCIEDADE,  
COA NATUREZA MALTRATADA  
E CON RESPONSABILIDADE PERSOAL ANTE A COVID-19



## 1.- ENCONTRO EN FAMILIA

### SAÚDO DE BENVIDA

🎵 *Que veña Deus á nosa terra*

#### *Celebrante:*

Benvidos sexamos todos a esta celebración. Reunímonos para celebrar a fe en familia e na espera de Xesús que ven a nós. Facémolo no nome do Pai e do Fillo e do Espírito Santo.

Comezabamos a semana pasada o tempo de Advento coa mensaxe de Xesús que temos que **estar atentos**. Pero o tempo segue andando e xa lle temos que dar para diante á agulla do noso reló do advento. Entramos na segunda semana.

Hoxe, como aquelas xentes que acudían a escoitar o anuncio de Xoán Bautista, **pómonos en camiño** para encontrarnos co Neno Deus que ven a nós para salvarnos. Cal é o consello do noso calendario de advento para esta semana???

“**Poñernos en camiño**”. Neste tempo non é suficiente coa espera pasiva. Temos que esperar dun xeito activo: poñer da nosa parte todo o que poidamos para que se realice o feito importante da vinda de Xesús.

## ACENDIDO DA VELA DO ADVENTO

*(Para esta parte da celebración imos necesitar catro velas (só unha acendida), como signo das catro semanas que dura o advento.*

**Celebrante:** Pouco a pouco estamos atopando a luz que nos alumea no camiño da espera e o encontro con Deus e cos demais. Imos avanzando no tempo destas catro semanas.

**CANTO** 🎵 Que **veña a luz** ...

**Monitor/a**

A semana pasada, dicíamos “estade atentos”, e acendíamos a luz porque ás veces na vida só nos deixamos ir, e as rutinas afogan moitos momentos do noso día a día.

Hoxe necesitamos luz para “poñernos en camiño” porque ás veces na vida pódenos a comodidade. Pouco a pouco ímonos acomodando, e necesitamos erguernos e poñernos en camiño.

É certo que os esforzos custan, pero non podemos contentarnos con vivir cheos de comodidades.

Queremos luz para poñernos en camiño e achegarnos a quen se sinte tirado (no Mediterráneo, en Argineguín, en Mañufe, ...)

Queremos **POÑERNOS EN CAMIÑO** é a vela que agora acendemos

*E acéndese unha das catro velas, mentres se canta*

**CANTO** 🎵 Que **medre a luz** ...

## ORACIÓN PROPIA DO DÍA

**Celebrante** Rematamos coa oración na que pedimos que Deus nos dea forzas para este camiño de fe que estamos a facer, hoxe da man de Xoán Bautista  
(silenzo)

Deus, noso Pai, cheo de bondade, non deixes que os traballos de cada día impidan o noso camiñar a o encontro con Cristo.

Que o teu espírito de sabedoría nos apronte a recibilo e nos leve a participar da vida do teu Fillo.

Pedímoscho por El, que vive e reina por sempre eternamente. Amén

## 2.- PROCLAMACIÓN DA PALABRA DE DEUS

(sentad@s)

**Monitor/a:**

A Palabra de Deus vai insistir na idea de preparar o camiño ao Señor, tanto Isaías como Xoán.

Como imos facelo? Cunha cea cos familiares? Con regalos para os nosos?

Máis ben trátase de facer que na nosa sociedade todos teñan lugar, que ninguén sexa separado por ser diferente, pensar distinto, rezar doutro xeito ou ter outra cor na pel.

**Poñámonos en camiño e abramos as portas para recibir ao Señor e a todos os “seus pequenos”.**

## LECTURA DA PROFECÍA DE ISAÍAS

Consolade, consolade o meu pobo: -dio o voso Deus. Faládelle ao corazón de Xerusalén; si, dicídelle ben alto que a súa milicia está cumprida, que a pena pola súa culpa está aceptada. Si, xa recibiu da man do Señor o dobre por todos os seus pecados.

Unha voz clama:

"No deserto preparádelle o camiño ao Señor. Endereitádelle na estepa a calzada ao noso Deus. Que todo val sexa levantado, que todo monte e outeiro sexa rebaixado; que a terra fragosa se volva unha chaira; e as ladeiras, un val achanzado.

Pois vaise revelar a gloria do Señor, e toda carne verá o Único. Falou a boca do Señor".

Sube a un monte alto, mensaxeira de Sión, levanta con forza a túa voz, mensaxeira de Xerusalén, levántaa, non teñas medo. Dilles ás cidades de Xudá:

"Velaí o noso Deus".

Velaí o meu Señor Iavé que chega con poder; si, o seu brazo domina. Velaí a súa paga con el, o seu xornal diante del. Igual ca un pastor, pastorea o seu rabaño, recólleo co seu brazo, leva aos añaños no seo e protexe os que aínda mamanan.

**Palabra do Señor**

♪ **Andarei na presenza do Señor**

SALMO

(*en pé*)

## PROCLAMACIÓN DO SANTO EVANXEO SEGUNDO MARCOS

Comezo do Evanxeo de Xesús Cristo, Fillo de Deus.

Como está escrito no profeta Isaías:

Mira: mándoche por diante un mensaxeiro, para que prepare o teu camiño. Unha voz clama no deserto: prepare o camiño do Señor, endereitade os seus vieiros.

Presentouse Xoán no deserto bautizando: pregoando un bautismo de conversión, para lograr o perdón dos pecados. E ía onda el xente de toda a provincia de Xudea e de Xerusalén; confesaban os seus pecados e el bautizábaos no río Xordán.


Xoán ía vestido con pelos de camelo e cun cinguidor de coiro arredor do van, e mantíñase de saltóns e mel bravo. E proclamaba:

- Detrás miña está a chegar o que é máis forte ca min, ante quen non son digno de prostrarme para lle desatar as correas do seu calzado. Eu bautizo con auga, pero el havos bautizar con Espírito Santo

**Palabra do Señor**

(**sentad@s**)

gardamos uns instantes de silencio para acoller a palabra no corazón



**(en pé) PROFESIÓN DA FE**  
**Celebrante:** *Despois de escoitar a túa Palabra, Señor, queremos como familia estar xa en camiño para atoparnos con todos os que saen ao encontro con Xesús que está a chegar, e por iso dicimos:*  
***Creo, Señor, pero aumenta a miña fe***

***Monitor/a***

*Credes en Deus Pai e Nai, que nos enche do seu amor cando quere que o seu Fillo comparta a nosa vida?*

***Creo, Señor, pero aumenta a miña fe***

*Credes en Xesús, que se achega a todos nós convidándonos a vivir medrando día a día mirando sempre polos demais con ollos de tenrura?*

***Creo, Señor, pero aumenta a miña fe***

*Credes no Espírito de Deus que alenta a colaborar camiñando á beira de quen necesita ser máis xustamente tratado?*

***Creo, Señor, pero aumenta a miña fe***

*Credes na igrexa, comunidade que necesita de nós para, ao xeito de Xoán Bautista, ser voz de esperanza e acollida?*

***Creo, Señor, pero aumenta a miña fe***



## ORACIÓN UNIVERSAL

**Celebrante:** *Oremos ao Señor, noso Deus, quen espera nel necesita preparar e poñerse en camiño. Dicimos:*

**Visita ao teu pobo, Señor**

### *Monitor/a*

✓ Pola Igrexa: para que neste tempo de Advento sexamos luz e esperanza en tantas situacións de dificultade e crise. Oremos.

✓ Polos gobernos: para que, procurando o ben común, nos axuden a construír camiños de paz, de igualdade, de caridade, de traballo digno. Oremos.

✓ Polas familias que están angustiadas e cansas no camiño da vida: para que atopen ao seu carón unha man amiga que lles dea forzas e lles axude a superar os atrancos. Oremos.

✓ Tendo presente á muller asasinada en Mañufe (Gondomar) pedimos por todas as mulleres que sofren violencia de xénero, para que atopen, en nós, unha igrexa e unha sociedade que apoie e non cale ante tales sufrimentos e inxustizas. Oremos.

✓ Polos enfermos, e os que están a sufrir as consecuencias económicas da pandemia, para que teñan o noso apoio e axuda responsable. Oremos

**Celebrante:** *Amósanos, Señor, a túa misericordia e dáanos a túa salvación. Ti, que vives e reinas por sempre eternamente. Amén.*

## 3.- OS SIGNOS DA COMUNIÓN CON DEUS EN FAMILIA

### NOSO PAI

**Celebrante:** *Deus camiña cerca. Cerca da muller que espera dignidade e non violencia, cerca de quen non se vale por si só, cerca de quen non cala á hora de defender ao pobre, cerca de quen camiña na procura dun mundo novo e mellor. Deus está en ti, en min, en nós, e xuntos queremos dicirlle*

*NOSO PAI ...*

### SIGNO DA PAZ

**Celebrante:** *Xesús no Nadal trae a paz. El é o Deus da Paz. Que El nos alente a transmitir esa paz nestes momentos de pandemia e dificultade, sendo coidadosos con nós, con todos e con todo.*

### NON COMULGAMOS

### PERO ESTAMOS EN COMUNIÓN

**Celebrante:** *Rezar hoxe é compartir todo o que Deus nos agasalla, é o sabernos espertos e atentos para facerlle un sitio ao que nos nace no Nadal.*

*Ditosos nós que hoxe somos convidados a ser crentes e cribles. Somos familia que quere camiñar ao encontro do NADAL.*

 **Acharte presente na vida**

#### 4.- AVISOS E DESPEDIDA

##### ORACIÓN FINAL

###### **Celebrante:**

Señor, Ti aléntanos con esta celebración compartida. Rogámosche que a nosa participación na túa igrexa da casa nos ensine a valorar con xusteza os bens da terra e a poñer o corazón nos do ceo.

Pedímoscho a Ti que vives e reinas por sempre eternamente. Amén


*Vivir NADAL é saber que Deus confía en nós e quere poñerse nas nosas mans. Poñámonos en camiño.*

*Vivir NADAL é rezar hoxe con palabras que nos sigan dando azos para esperar na tolerancia e no respecto con quen pensa, vive e cree diferente. Poñámonos en camiño.*

*Vivir NADAL é non virar as costas ás mulleres que malviven sufrindo violencia de xénero e os refuxiados que chegan cada día ás nosas costas. Poñámonos en camiño.*

***Que teñamos un bo día, unha boa semana,  
e o Señor nos bendiga, † nos garde de todo mal  
e nos leve ao seu fogar de vida eterna. Amén.***

## NÓS CONTAMOS CON DEUS



## E DEUS CONTA CON NÓS



**“Poñédevos en camiño”**

*Palabras do evanxeo de hoxe.*